

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o oito de xaneiro de dous mil dezaseis, adoptou o seguinte acordo:

4/4 PRÓRROGA DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DE VINTEDÚAS PRAZAS DE CENTRO DE DÍA PARA A ATENCIÓN DE PERSOAS MAIORES EN RÉXIME DE ATENCIÓN DIÚRNA DENDE O 1 DE XANEIRO ATA O 13 DE XUÑO DE 2016 OU PERÍODO INFERIOR EN CASO DE QUE A COMUNIDADE AUTÓNOMA ASUMA AS COMPETENCIAS REFERENTES Á PRESTACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 5 de xaneiro de 2016 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“Examinado o expediente de referencia e vistos os seguintes:

Primeiro.- Contrato administrativo correspondente á PRESTACIÓN DE VINTEDÚAS PRAZAS DE CENTRO DE DÍA PARA A ATENCIÓN DE PERSOAS MAIORES EN RÉXIME DE ATENCIÓN DIÚRNA asinado en data 14 de xuño de 2013 coa mercantil ENFERMERÍA DE GESTIÓN SOCIOSANITARIA S.L. por un prezo praza mensual de 560,65 euros IVE incluído e unha duración do contrato de DOUS ANOS contados a partires da data de formalización do contrato administrativo podendo prorrogarse por períodos máximos anuais por acordo do órgano de contratación sen que a duración total do contrato incluídas as prórrogas poida exceder de catro anos.

Segundo.- Acordo da Xunta de Goberno Local num. 5/423 de 24 de xuño de 2015 de prórroga contrato administrativo subscrito por este Concello e a mercantil ENFERMERÍA DE GESTIÓN SOCIOSANITARIA S.L. dende o 14/06/2015 ata o 31/12/2015


Terceiro.- Informe da xefa de servizo de servizos sociais de data 18 de decembro propondo a prórroga do contrato dende o 1 de xaneiro ata o 13 de xuño de 2016.

Cuarto.- Informe da traballadora social responsable do contrato de data 22 de decembro de 2015 relativo ao cumprimento das melloras ofertadas

Quinto.- Mandamento contable RCFUT 201500107094 de consignación na aplicación 23185.22799 para o Presuposto municipal de 2016 por importe de 68.000 euros (estimación do 1 de xaneiro ata o 13 de xuño de 2016).

Sexto.- Solicitud de prórroga presentada en data 28 de decembro de 2015 por dona Oliva Rouco en nome de Enfermería de Gestión Sociosanitaria S.L. solicitando a prórroga e xunto coas certificacións positivas da Seguridade Social e Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Sétimo.- Informe da Tesoureira Municipal no que se pon de manifesto a inexistencia de débedas de carácter tributario co Concello de Lugo por parte da empresa ENFERMERÍA DE GESTIÓN SOCIOSANITARIA S.L.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Ref#: 16x010040004

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-1-2016

Oitavo.- Informe-proposta do servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento de data 29 de decembro de 2105

Noveno.- Certificación de consignación na aplicación 23185.22799 para o Presuposto municipal de 2016 por importe de 68.000 euros (estimación do 1 de xaneiro ata o 13 de xuño de 2016) (RC 1448/16; CP 162318601)

CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

Cómpre realizar unha breve reflexión sobre a competencia municipal en materia de servizos sociais que permitiría decidir sobre a posibilidade ou non da continuidade da prestación deste servizo.

Así, a Disposición Transitoria segunda da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local relativa á Asunción polas Comunidades Autónomas das competencias relativas a servizos sociais establece:

"1. Con fecha 31 de diciembre de 2015, en los términos previstos en las normas reguladoras del sistema de financiación autonómica y de las Haciendas Locales, las Comunidades Autónomas asumirán la titularidad de las competencias que se preveían como propias del Municipio, relativas a la prestación de los servicios sociales y de promoción y reinserción social.

Las Comunidades Autónomas asumirán la titularidad de estas competencias, con independencia de que su ejercicio se hubiese venido realizando por Municipios, Diputaciones Provinciales o entidades equivalentes, o cualquier otra Entidad Local.

2. En el plazo máximo señalado en el apartado anterior, y previa elaboración de un plan para la evaluación, reestructuración e implantación de los servicios, las Comunidades Autónomas, en el ámbito de sus competencias, habrán de asumir la cobertura inmediata de dicha prestación.

3. En todo caso, la gestión por las Comunidades Autónomas de los servicios anteriormente citados no podrá suponer un mayor gasto para el conjunto de las Administraciones Públicas.


4. Lo dispuesto en los apartados anteriores se entiende sin perjuicio de la posibilidad de las Comunidades Autónomas de delegar dichas competencias en los Municipios, Diputaciones Provinciales o entidades equivalentes, de conformidad con el artículo 27 de la Ley 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local.

5. Si en la fecha citada en el apartado 1 de esta disposición, en los términos previstos en las normas reguladoras del sistema de financiación de las Comunidades Autónomas y de las Haciendas Locales, las Comunidades Autónomas no hubieren asumido el desarrollo de los servicios de su competencia prestados por los Municipios, Diputaciones Provinciales o entidades equivalentes, Entidades Locales, o en su caso, no hubieren acordado su delegación, los servicios seguirán prestandose por el municipio con cargo a la Comunidad Autónoma. Si la Comunidad Autónoma no transfiriera las cuantías precisas para ello se aplicarán retenciones en las transferencias que les correspondan por aplicación de su sistema de financiación, teniendo en cuenta lo que disponga su normativa reguladora."

A Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de



CSV: SRFNX0ygtHEqQkBSbtW7gw==



SINATURAS
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - GONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

PAXINA: 2 / 5

DATA(S) (UTC)

19/01/2016 13:05:35

19/01/2016 13:05:36

decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a cal establece na súa disposición adicional cuarta "As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e **servizos sociais** en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela", disposición que podería dar cobertura legal á continuidade da prestación deste servizo

Igualmente, en datas recentes, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas emitiu unha nota explicativa da reforma local acompañada dunha comunicación nas que se aclara que "mentres non sexan aprobadas as normas reguladoras do novo sistema de financiamento autonómico e local, as competencias referidas na citada lei, en canto á atención primaria da saúde, servizos sociais e educación, deberán continuar sendo prestadas polos Concellos", **o cal confirmaría a interpretación favorable á posibilidade de continuidade da prestación do servizo de referencia por parte do Concello.**


Non obstante, ante un tema de tanta enxundia que segue a debate en moitos ámbitos, foron solicitados informes á Secretaría e Vicesecretaría Municipais, así como á Asesoría Xurídica e Intervención Xeral Municipal, sen prexuízo de que ante a inminencia do remate do actual contrato (31/12/15) e a importancia do mesmo por canto afecta a uns colectivos de especial sensibilidade (maiores dependentes usuarios do centro de día, se poida continuar coa prestación do servizo e, a posteriori esixir as responsabilidades sobre o exercizo de tal competencia e do seu financiamento.

O expediente de prórroga iniciouse con anterioridade ao vencemento do prazo de duración inicial (consta no expediente informe da xefa de servizo de servizos sociais así como escrito da empresa contratista solicitando a prórroga) polo que se evidencia a vontade de continuar coa prestación do servizo nos termos pactados no contrato.

Dende este servizo foi tramitado o expediente co fin de prorrogar o contrato antes do vencemento da súa duración (31/12/15) non obstante a carga de traballo a finais de ano non fixo posible a súa aprobación polo órgano competente o que supón que a prórroga do contrato, de adoptarse polo órgano municipal competente, se adoptará unha vez vencido o dito contrato.

Sobre esta circunstancia hai que salientar o artigo 303.1 do TRLCSP que establece "Los contratos de servicios no podrán tener un plazo de vigencia superior a cuatro años con las condiciones y límites establecidos en las respectivas normas presupuestarias de las Administraciones Públicas, si bien podrá preverse en el mismo contrato su prórroga por mutuo acuerdo de las partes antes de la finalización de aquél, siempre que la duración total del contrato, incluidas las prórrogas, no exceda de seis años, y que las prórrogas no superen, aislada o conjuntamente, el plazo fijado originariamente."

Non obstante, compre realizar unha reflexión de en qué medida este defecto formal consistente – para o caso de adoptarse a prórroga fóra do prazo - nunha actuación



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Ref#: 16x010040004

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-1-2016

fóra do prazo pode implicar un vicio que invalidaría o acto administrativo. O artigo 63.3 da LRXPAC establece “A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do término ou prazo”.

Sendo evidente o interese municipal e particular en continuar a prestación deste servizo manifestada tanto na solicitude do contratista como nos informes emitidos con anterioridade ao vencemento do contrato, parece excesivamente rigorista - a xuízo da que subscribe- concluir que esta prórroga puidera ser irregular, sen prexuízo doutro mellor criterio contrario.

Así o entendeu a Xunta Consultiva da Comunidade Autónoma de Aragón en informe 11/2011 que, entre outras cuestións, di:

“VI. Consecuencias jurídicas de adjudicar el contrato, una vez transcurrido el plazo de los cinco días a que se refiere el artículo 135.3 LCSP.

*La regla general es que, la infracción por la Administración de los plazos establecidos en las normas, no constituye más que una **irregularidad no invalidante**. En este sentido, el artículo 63.3 LRJPAC establece que: «La realización de actuaciones administrativas, fuera del tiempo establecido para ellas, sólo implicará la anulabilidad del acto, cuando así lo imponga la naturaleza del término o plazo». La misma regla, se aplica a las actuaciones judiciales realizadas fuera de tiempo, que sólo podrán anularse si lo impusiera la naturaleza del término o plazo —artículo 242 de la Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial, y artículo 229 de la Ley 1/2000, de 7 de enero, de Enjuiciamiento Civil—.*

La potestad de adjudicación del contrato no se halla sometida a ningún tipo de plazo preclusivo, o régimen de caducidad, por ello, el transcurso del plazo de su ejercicio no implica la invalidez de su actuación.

*El plazo que fija el artículo 135.3 LCSP, no es un plazo esencial, pues **concorre un interés público más intenso —la satisfacción del concreto interés público al que se dirige la prestación que constituye el objeto del contrato—, que justifica que el tiempo —el plazo de cinco días hábiles—, no comporte relevancia alguna en el ejercicio de la potestad administrativa, pues, en otro caso, podrían quedar afectados los intereses generales a los que sirve la potestad de contratación. Sin perjuicio del derecho de los licitadores a retirar su proposición si no se produce la adjudicación, en la forma prevista en el artículo 145.4 LCSP’.***

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Medio Rural e Deportes, en substitución da Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ



CSV: SRFNX0ygtHEqQkBSbtW7gw==



PAXINA: 4 / 5

DATAS(UTC)
19/01/2016 13:05:35
19/01/2016 13:05:36

SINATURAS
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS) e o Ilma. Sra. D.ª ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Prorrogar o contrato administrativo suscrito por este Concello e a mercantil ENFERMERÍA DE GESTIÓN SOCIOSANITARIA S.L. con C.I.F B 27298306 dende o 01/01/2016 ata o 13/06/2016 ou período inferior en caso de asumir a Comunidade Autónoma as competencias en materia de prestación de servizos sociais, todo isto en base aos informes técnicos e xurídicos anteriormente mencionados e que se dan por transcritos a efectos da súa fundamentación, con estrita suxeición ao prego de condicións técnicas e administrativas particulares aprobados pola Administración municipal, contrato suscrito e demais documentos contractuais.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 68.000 euros IVE incluído para o período que vai do 1 de xaneiro ata o 13 de xuño de 2016 con cargo á aplicación orzamentaria 23185.22799 (RC 1448/16; C.P 162318601).

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución, a cal pon fin á vía administrativa, ás partes interesadas e demais dependencias municipais afectadas. Contra dita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acto.
- Malia o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación do presente acto.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.



